



CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA VINTE E OITO DE XANEIRO DE DOUS MIL DEZ.

ASISTENTES:

Presidente:

D. ANGEL LOPEZ SUEIRO.

CONCELLEIROS:

DNA. M. JOSEFA COBELO MOREIRA

DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.

D. FERNANDO RODRÍGUEZ FERNÁNDEZ.

D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.

DNA. EVA MARIA FRAGA SANMARTIN.

D. FERNANDO VILAR DÍAZ.

D. MARCOS RODRÍGUEZ CALVO.

D. JUAN PUENTES CALVO .

SECRETARIO:

D. JOSE A.MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, Provincia da Coruña, ás dez horas do día vinte e oito de xaneiro de dous mil dez baixo a Presidencia do Sr. alcalde D. ANGEL LOPEZ SUEIRO, reúnense os Sres. Concelleiros/as que se relacionan na marxe asistidos do secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria convocada para o día de hoxe.

1.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA TRINTA DE DECEMBRO DE 2009. ACORDO QUE PROCEDA.-

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres Concelleiros /as asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data trinta de decembro de dous mil nove.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, maniféstase que non pareceu lóxico como o Sr. Alcalde rexeitou as mociones presentadas polos Grupos Municipais do Partido Popular, e TEGA, xa que antes de declara-la urxencia débese dar coñecemento do contido das mesmas.

Non se formulando ningún outro tipo de alegación, ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la acta da sesión anterior.

2.- ALEGACIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR Á APROBACIÓN DO PROXECTO DENOMINADO 'MELLORA E AMPLIACIÓN DOS SERVIZOS MUNICIPAIS DE SANEAMENTO E ABASTECEMENTO DE AUGA'. ACORDO QUE PROCEDA.-

Dase conta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que o seu grupo en data dezaseis de xaneiro de dous mil dez, con número de rexistro de entrada 34, presentou unha alegación ó acordo plenario de data vinte e un de decembro de dous mil nove, polo que se aprobou o proxecto denominado " Mellora e ampliación dos servizos municipais de saneamento e abastecemento de auga. A Capela (A Coruña)", (OH 515.899).

Na alegación pídense que se reforme o proxecto e que se dea conta e se solicite a augas de Galicia o prazo necesario para a elaboración dun novo proxecto, todo elo apelando ó sentido común, xa que como manifestou o Alcalde- Presidente no derradeiro pleno, a obra de abastecemento xa está feita con cargo a fondos dun convenio coa Deputación Provincial.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dise que neste momento a alegación presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, é correcta pero que cando se presentou este proxecto a Augas de Galicia hai dezaoito meses, ánda non se sabía que esta obra de abastecemento se fora a facer directamente polo Concello, cousa que ocorriu en novembro de dous mil nove, a través dun convenio coa Deputación Provincial. Manifesta o Sr. Alcalde-Presidente que despois da alegación presentada polo Partido Popular, fixose unha consulta por escrito a Augas de Galicia, pero que non se contestou ata o día de hoxe. De tódolos xeitos por esta Alcaldía, encargouse o reformado do proxecto, que agora vai a ir coas dúas obras de saneamento por un importe de 251.000€.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, dise que el persoalmente estivo falando coa Presidenta de augas de Galicia, e que dende o punto de vista administrativo o que se lle dixo é que o expediente estaba parado, polo tanto manifesta que non cre a película que conta o Sr. Alcalde-Presidente, xa que a administración funciona con papeles, informes, rexistros, etc. e non con díxome, díxome.

Remata a súa intervención expresando que dende marzo de dous mil nove, a Alcaldía sabía que había que contestar o escrito remitido por Augas de Galicia, entón non se entende que este asunto non se movera ata decembro de dous mil nove.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, reiterase que a alegación presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular, é correcta e que o proxecto está xa reformado e correxido.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, para manifestar que ó Sr. Alcalde-Presidente debía darrlle vergoña, políticamente falar do tema da auga, que non vai a vir a auga para A Capela nin o Alcalde-Presidente actual a vai inaugurar; pide o voceiro de Tega solucións para a traída de auga e para tódolos temas da Capela, e que cando a consulta anunciada ós veciños se faga que sexa extensiva a todos eles, manifestando D. Fernando Vilar Díaz, que el a título persoal tamén quere a auga.

Visto o anterior, e sometido o asunto a votación polo Sr. Alcalde-Presidente, o Pleno da Corporación, por unanimidade de tódolos concelleiros/as asistentes á sesión, adopta o seguinte acordo:

Único.- Aproba-la alegación polo Grupo Municipal do Partido Popular, que na súa parte dispositiva comprende as seguintes alegacións:

Primeira.- Reformar, xa que non pode ir nos termos actuales, o proxecto referido á "Mellora e ampliación dos servicios Municipais de saneamento e abastecemento de auga" (OH.515.899).

Segunda.- Dar conta e solicitar o prazo necesario a Augas de Galicia para a elaboración do novo proxecto.

3.- INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS, REFERIDO A 01.01.2009. **APROBACIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.-**

Maniféstase polo Sr. Alcalde-presidente que o inventario de bens actualizado a 01.01.2009, é un documento técnico que foi elaborado por unha empresa consultora a través de inclusión do Concello da Capela nun programa de elaboración de inventarios municipais da Deputación Provincial que

comprendeu doce concellos ademáis do noso, a documentación da tramitación do expediente xa lles consta ós Sres. Concelleiros/as.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, maniféstase que a convocatoria do pleno fixose hai corenta e oito horas, e que polo tanto non tivo tempo de mira-lo inventario, de tódolos xeitos di que cando se fai algunha pregunta ou petición de documentación o Sr. Alcalde-presidente do concello resposta enviando unha carta.

Non obstante o anterior, expresa que o Monte dos Corregosos volve a figurar no inventario, polo que o Sr. Alcalde-Presidente incumpriu de novo os acordos plenarios que se tomaron no seu día, dí asimesmo que o texto administrativo do inventario lle parece ben, pero que o Monte dos Corregosos non pode ir no inventario.

Polo Sr. Alcalde-Presidente, reiterase que a elaboración do inventario foi feita por unha empresa contratada pola Deputación, co cal o concello aforrouse moito diñeiro, xa que por sí mesmo non podería aborda-la redacción do mesmo, sinalando ó mesmo tempo que figura nel todo o que debe estar.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, manifesta a súa discrepancia co dito polo Sr. Alcalde-presidente é sinala que a parte técnica do inventario está ben feita, pero o que falla no mesmo é o traballo político que non se fixo, e fai referencia a alomenos 5 puntos que son dubidosos para que se incorporen no inventario municipal de bens.

- Con respecto ás numerosas fincas valdías que figuran a nome do concello deberá facerse unha exposición pública para mellor acreditar a titularidade.
- As escolas do Barreiro de nenos e nenas, polo Grupo Municipal do Partido Popular sempre se preguntou sobre os documentos de cesión e hai un resquemor dos veciños sobre a titularidade.
- Na nova biblioteca nun dos laterais existe un camiño de serventío que mirado o catastro e o PXOM, non está recoñecido.
- A Casa Sindical ó ser un asunto que lle afecta persoalmente sinxelamente o apunta.

- O Monte dos Corregosos, consorciado no seu día (C-2143) e que os veciños aportaron sobre seis mil euros, para a anulación do consorcio volve a figurar no inventario con máis do dobre das Has. que semella ter.

- A depuradora de Vilar De Mouros, figura asimesmo no inventario, sendo actualmente un punto de conflicto e discrepancia.

Pídeselle ó Sr. Alcalde-Presidente polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular que resposte a todas as cuestións plantexadas anteriormente.

Polo Sr. Alcalde-Presidente díselle ó voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que lle vai contestar o que el considere que lle ten que contestar; e en relación co Monte dos Corregosos manifesta que houbo que pagar uns gastos de tódolos anos anteriores en concepto de vixilancia, e que en realidade o Monte está inscrito a nome do Concello e fixó un secretario hai moitos anos que non só rexistrhou o que era do Concello senón tamén o dos veciños; o pago da rescisión do consorcio dí o Sr. Alcalde-Presidente que o fixo por orde dos veciños e que o monte tal como está na actualidade rexistrado non se pode sacar do inventario.

Resposta o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, que o que pagou para facer a rescisión do consorcio foi o Alcalde en nome do concello, pero co diñeiro dos veciños.

De seguido toma a palabra o voceiro do Grupo Mixto- BNG, D. Juan Puentes Calvo, para manifestar que o xeito de como aparecen os bens no catastro non ten ningunha validez, que o que verdadeiramente prevalece é o rexistro da propiedade, e dille ó voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, que non se poden crear conflictos onde non os hai.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz, dise que o certo é que os veciños pagaron 6.900€ para rachar o consorcio dos Monte dos Corregosos e que polo Alcalde íanse iniciar trámites e dalos pasos necesarios para a devolución ós veciños do Monte, pero o Alcalde-presidente non moveu ficha dende aquel momento, polo que debe convocar con carácter unha asamblea para da-los pasos dunha vez que se concreten na devolución deste monte ós veciños.

Manifesta asimesmo que a depuradora de Vilar De Mouros, non pode estar de ningunha maneira no inventario municipal de bens.

Polo voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juan Puentes Calvo, dise que a empresa consultora que fixo o inventario contratada pola Deputación Provincial da Coruña, pediu e traballou coa documentación que se lle facilitou no concello, e que o que figura no inventario é realmente o que hai.

Remata o debate deste asunto o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández, reiterando que non está en contra da cara administrativa do inventario pero sí do traballo político que conleva.

Sometido polo Sr. Alcalde-Presidente o asunto a votación, o Pleno do Concello, por maioría de votos (5 votos a favor da aprobación do inventario municipal de bens referido a 01.01.2009, dos Sres. concelleiros/as dos Grupos Municipais do P. S. de G- PSOE e Mixto-BNG, e 4 votos en contra dos Sres concelleiros /a dos Grupos Municipais do Partido Popular, e Terra Galega), adopta o seguinte acordo:

Primeiro. Aprobar a formación do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a data 1 de xaneiro de 2009, cuxos datos pormenorizados de cada ben e derecho son os recollidos no expediente, sendo o seu resumo por epígrafes o seguinte:

EPÍGRAFE

VALOR TOTAL

EPIGRAFE	VALOR TOTAL (NETO)
1º.- Inmobilés	9.593.995,59
2º.- Dereitos Reais	293.318,01
3º.- Mobles Hco. Artísticos e de considerable valor económico	0,00
4º.- Valores Mobiliarios, Créditos e dereitos de carácter persoal	0,00
5º.- Vehículos	444,60
6º.- Semovientes	0,00
7º.- Outros bens móbiles	254.058,57
8º.- Bens e Dereitos revertibles	52.809,22

En consecuencia, o importe total do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación a un de xaneiro de dous mil nove é de 10.194.625,99€

Segundo. Que pola Secretaría da Corporación procédase a formalizar o Libro do Inventario Xeral de Bens e Dereitos da Corporación, de conformidade coas

regras previstas nos artigos 17 e seguintes do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Terceiro. Que se remita o presente acordo, xunto coa copia do Inventory aprobado, á Administración do Estado e da Comunidade Autónoma, en cumprimento do preceptuado no artigo 32.1 do Regulamento de Bens das Entidades Locais.

Cuarto. Que mediante resolución de Alcaldía apróbense os asentos contables correspondentes para asentar o inventory na contabilidade, de forma que sexa coherente o balance co inventory de bens aprobado, e previo informe do órgano interventor.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as once dez minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fe, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O Alcalde Presidente,

Asdo.: Ángel López Sueiro.

O Secretario,

Asdo.: José A. Meizoso Paz.